

Orde do día da sesión plenaria ordinaria que terá lugar o venres, 14 de setembro de 2018, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

Actas

- 1.-Aprobación da acta da sesión anterior, número 10/2018, do 27 de xullo.
- 2.-Toma de coñecemento das resolucións ditadas pola Presidencia, desde o 23 de xullo de 2018 ata o 10 de setembro de 2018.

Comisión de Cultura e Normalización Lingüística

- 3.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega correspondente á subvención nominativa concedida para financiar a Programación do ano 2018.

Comisión de Promoción Económica e Emprego

- 4.-Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello da Coruña para financiar o proxecto "IV Encontro de Democracia e Orzamentos Participativos".

Comisión de Infraestruturas Viarias, Vías e Obras Provinciais e Medio Ambiente

- 5.-Aprobación provisional do proxecto DP 3802 Ordes a Pontecarreira, remodelación beirarrúas PQ 17+140 a 17+870 rúa do Ensino (Frades) incluído na 1ª fase do Plan de travesías 2018.

- 6.-Modificación do acordo plenario do 23.03.2018 número 12, punto 1, no senso de : onde di: "...Mellora da intersección da estrada DP 1703 Espírito Santo a Frais PQ 2+500 coa estrada AC 214 Guísamo-Sigrás (Bergondo)", debe dicir: "...Mellora da intersección da estrada DP 1703 Espírito Santo a Frais PQ 2+500 coa estrada AC 214 Guísamo Sigrás (Cambre)".

Comisión de Contratación, Patrimonio e Equipamento

- 7.-Aprobación da formalización e o texto de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños para o cofinanciamento das obras do proxecto de Mellora do camiño municipal Cerqueda a Pozacas.
- 8.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Capela para o cofinanciamento das obras do proxecto de Pavimentación acceso ás Fragas do Eume.
- 9.-Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello da Baña para o cofinanciamento das obras do proxecto de Humanización do Adro de Sta. Cristina de Marcelle.

10. Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Cambre para o cofinanciamento das obras do proxecto de Reordenación contorno rúas Polígono e Francisco Añón.

11.- Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Coirós para o cofinanciamento das obras do proxecto de Mellora acceso a área recreativa e Centro de interpretación fluvial de Chelo.

12.- Aprobación da formalización e o texto do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Toques para financiar as obras de pavimentación do camiño de Franqueán (Santa Eufemia) e outros.

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Asistencia a Municipios, Turismo e Patrimonio Histórico-artístico

13.- Aprobación da 3ª modificación das Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2015 relativa ao atraso do prazo da devolución do préstamo provincial ata o ano 2021

14.- Aprobación da 2ª modificación das Bases reguladoras do Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 relativa ao atraso do prazo da devolución do préstamo provincial ata o ano 2022

15.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación da Coruña e o Concello de Oleiros para o financiamento da subministración “Adquisición de camión equipado con sistema portacontedores e dous contedores”

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

16.-Aprobación da información sobre o período medio de pago a provedores a que se refire o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, correspondente ao mes de xullo de 2018 e relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación e polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña entre o 1 e o 31 de xullo de 2018.

17.-Aprobación do informe sobre o estado de execución orzamentaria ao 31/07/2018 e proxección ao 31/12/2018.

18.-Toma de coñecemento da aprobación definitiva da Conta xeral do orzamento do exercicio 2017 da Deputación Provincial da Coruña, integrada pola propia da Deputación Provincial da Coruña e a do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

-Moción do Grupo Provincial Popular sobre a débeda da autoridade portuaria.

ROGOS E PREGUNTAS